# PLAN DE CONTINXENCIA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

**CURSO 2021-2022 ANPA SAN CRISTOBAL**
**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ**

**Para dar cumprimento ao disposto no Anexo VI do Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 da Conselleira de Educación de 06/07/2021, a ANPA do Centro elabora o presente Plan.**

**Facendo unha revisión da oferta prevista de actividades no mes de xullo, tras o exame dos diferentes protocolos e tendo en conta os mesmos, decidiuse que o mais seguro para a seguridade e saúde dos nenos/as, e atendendo as necesidades de conciliación das familias, propóñense as actividades especificadas no seguinte cadro:**

**PROPOSTA DE ACTIVIDADES C.E.I.P. WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ 2021-2022**

**SETEMBRO 2021**

| LUGAR | HORA | LUNS ED. INFANTIL | LUNS ED. PRIMARIA | MARTES ED. INFANTIL | MARTES ED. PRIMARIA | MÉRCORES ED. INFANTIL | MÉRCORES ED. PRIMARIA | XOVES ED. INFANTIL | XOVES ED. PRIMARIA | VENRES ED. PRIMARIA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PATIO GRANDE | 16-17 | FÚTBOL BIBE (E.I.) | PATINAXE (1º, 2º, 3º E.P.) | | FÚTBOL SALA (4º,5º, 6º E.P.) | FÚTBOL BIBE (E.I.) | PATINAXE (1º, 2º, 3º E.P.) | | FÚTBOL SALA (4º,5º, 6º E.P.) | |
| | 17-18 | | TENIS (4º, 5º, 6º E.P.) | | BALONCESTO (4º, 5º, 6º E.P.) | | TENIS (4º, 5º, 6º E.P.) | | BALONCESTO (4º, 5º, 6º E.P.) | |
| | 17-18 | | ATLETISMO (4º, 5º, 6º E.P.) | | | | ATLETISMO (4º, 5º, 6º E.P.) | | | |
| PATIO ARRIBA | 16-17 | MULTIACTIVIDAD (E.I.) | HÓCKEY (E.P.) | ZUMBA (E.I.) | MULTIDEPORTE (E.P.) | MULTIACTIVIDAD (E.I.) | HÓCKEY (E.P.) | ZUMBA (E.I.) | MULTIDEPORTE (E.P.) | |
| | 17-18 | PREPATINAXE (E.I.) | XIMNASIA RÍTMICA (1º, 2º, 3º E.P.) | MULTIDEPORTE (E.I) | ZUMBA (E.P.) | PREPATINAXE (E.I.) | XIMNASIA RÍTMICA (1º, 2º, 3º E.P.) | MULTIDEPORTE (E.I) | ZUMBA (E.P.) | |
| GIMNASIO | 16-17 | | | | IUDO (1º, 2º, 3º E.P.) | | | | | IUDO (1º, 2º, 3º E.P.) |
| | 17-18 | | | | IUDO (4º, 5º, 6º E.P.) | | | | | IUDO (4º, 5º, 6º E.P.) |
| USOS MÚLTIPLES | 16-17 | | | | LINGUA DE SIGNOS MANS QUE FALAN (1º, 2º, 3º E.P.) | | | | | |

FEDERACION ANPAS
SEROCIO
GIMNASIO FIBRA

As actividades estarán suxeitas ás normas especificadas no citado Protocolo de adaptación da Consellería de educación do 6/7/21, e en concreto:

CVE: yJxl7UiWg7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**PLAN DE CONTINXENCIA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

**CURSO 2021-2022 ANPA SAN CRISTOBAL**
**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ**

## 1º NORMAS COMÚNS A TODAS AS ACTIVIDADES E GRUPOS

1º Inicialmente está previsto formar grupos de entre 10 nenos e 15 por actividade, sen mesturar alumnos de Educación Infantil e Educación Primaria. A partir dese número faríase outro grupo, se o espazo o permite.

2º Evitaránse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura de alumnos de grupos de convivencia sempre que non se poidan garantir as distancias mínimas de seguridade entre eles de 1,5 metros así como as que esixan unha especial proximidade.

3º A organización das tarefas e exercicios será de forma individual ou en grupos pequenos evitando o contacto.

4º Nas actividades que se desenvolven co alumnado sentado, os alumnos que pertencen ao mesmo grupo de convivencia estable sentánse de forma individual mirando cara a unha mesma dirección e mantendo a máxima distancia de seguridade que permite a aula tomando como referencia a distancia mínima de 1,2 metros de distancia.

5º Nun mesmo espazo/aula poderá haber varios grupos de convivencia estable, sempre separados pola máxima distancia de seguridade que permita a superficie da aula ou espazo a utilizar e nunca sendo esta distancia menor a 1,5 metros.

Os grupos, sempre que sexa posible, faránse co alumnado do mesmo nivel, ciclo o proximidade de idade.

6º- O uso de máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade, e recomendable entre 3 e 5 anos.

7º A hixiene de mans nas entradas e saídas será obrigatoria. O material que se comparte, segundo a metodoloxía de cada actividade, debe desinfectarse ao comezo da actividade e unha vez finalizada a clase.

CVE: yJxl7UiWg7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

8º No caso das actividades deportivas, música e baile os exercicios serán individuais na medida do posible minimizando o uso de materiais que han de ser utilizados por varios alumnos e buscando a súa limpeza e desinfección tras o seu uso. Realizaránse as modificacións necesarias na programación da actividade.

9º A actividade desenvolveráse sempre na mesma sala ou espazo designado.

10º Levaráse un rexistro diario de asistencia (evitaránse novos membros, interacción entre grupos, ou se é posible, cambio de monitores/as) necesario para poder establecer contactos estreitos no caso de que houbera algún positivo.

11º Non deben acudir a actividade os alumnos nin os monitores cos seguintes síntomas: febre ou febrícula (>37,5), tose, dificultade respiratoria, fatiga severa (cansazo), dor muscular, falta de olfato, falta de gusto ou diarrea. Todas as familias que se apunten deberán firmar a correspondente folla de compromiso de non enviar ás actividades aos seus fillos/as se teñen algún deses síntomas ou se estivo en contacto con algún positivo.

O citado compromiso será entregado ós nenos/as polos monitores, ó inicio da actividade correspondente e deberase devolver debidamente cuberto e asinado.

12º Instruirase ás familias e aos nenos, para que, en caso de atoparse mal, avisen aos seus titores en clase ou no comedor, para evitar que acudan á actividade con síntomas. De ser o caso avisaráse ao equipo COVID-19, illaráse ao alumno na aula de illamento do centro xa designada no plan de adaptación do centro situada na segunda planta, ao lado da aula de Inglés e avisaráse aos seus pais para que acudan canto antes ao centro.

13º Ventilación de espazos para evitar a transmisibilidade. As clases organizaránse de tal forma que se poida realizar unha ventilación de polo menos 10/ 15 minutos por hora. Realizarase unha ventilación previa ao comezo da actividade de polo menos 5 minutos. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permítan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible durante o desenvolvemento da actividade. As portas

CVE: yJxl7UiWg7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

permanecerán abertas para favorecer a circulación do aire e especialmente se as xanelas se atopan pechadas.

14º Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como mobiliario, os alumnos almacenarán o seu material de forma diferenciada para evitar o contacto co resto de compañeiros. A roupa e mochilas dos alumnos dispoñeranse da forma máis individualizada posible, as mochilas situaranse xunto á mesa do alumno e roupa e cazadoras situaranse no respaldo da cadeira de cada alumno. Non se utilizarán os colgadoiros nin os vestiarios.

15º Asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar, co obxectivo de realizar unha mellor trazabilidad dos contactos.

16º O material compartido non se pode utilizar sen desinfección previa.

17º En cada cambio de grupo, os monitores serán responsables da hixiene das súas mans e do material de uso das actividades, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar aos alumnos as medidas de hixiene e seguridade.

18º Habilitarase unha porta de entrada e outra de saída para evitar a acumulación de persoas. No caso de non ser posible esta opción polas características do centro educativo, primeiro efectuarase a saída e posteriormente a entrada do novo grupo.

19º No exterior marcaranse zonas para esperar a entrada e a saída que garantan as distancias de seguridade. Para garantir un proceso áxil precisarase a máxima puntualidade.

## 2º- NORMAS PARA CADA ACTIVIDADE

## SEROCIO:

Todas en exterior, polo que se aplican as mesmas normas:

CVE: yJxl7UiWg7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**PLAN DE CONTINXENCIA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

**CURSO 2021-2022 ANPA SAN CRISTOBAL**
**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ**

Uso obrigatorio da máscara sempre, tanto por alumnos como polo monitor/a e desinfección de mans antes e despois de cada actividade.

Práctica por grupos estables de convivencia sen perxuizo de que os do mesmo grupo e nivel poidan levar a cabo a actividade de maneira conxunta, sempre SEN CONTACTO FISICO. Queda exceptuada Educacion Infantil que EN NINGÚN CASO se poderá mezclar ou xuntar con nenos que NON sean do seu mesmo grupo estable de convivencia.

Separación entre os diferentes cursos e niveles debendo manter entre eles, a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros (1º de 2º, de 3º, de 4º, etc.)

Desinfección antes e despois de todo o material de uso común.

## FEDERACIÓN

Actividades en exterior, as normas son as anteriormente descritas

Linguaxe de Signos: Terá lugar na Aula de Usos Múltiples

Uso obrigatorio da máscara sempre, tanto por alumnos como polo monitor e desinfección de mans antes e despois de cada actividade.

Práctica por grupos estables de convivencia sen que se poidan mesturar con outros grupos aínda que sexan do mesmo nivel, debendo manter entre eles a debida separación de seguridade de 1,5 metros.

Farase unha ventilación adecuada do espazo ó finalizar a actividade, e de ser posible impartirase coas xanelas abertas para favorecer a renovación do aire.

Evitarase compartir material. Cada usuario fará uso do propio material necesario para levar a cabo a actividade Permitirase compartir o material necesario para realizar determinadas actividades sempre e cando se leve unha adecuada desinfección das

CVE: yJxI7UiWg7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

mans antes e ó acabar a actividade, e desinfectando ese material entre quenda e quenda.

Finalizada a actividade procederase á desinfección das cadeiras, mesas e demás material compartido.

Asignarase o mesmo sitio tal e como se recolle no Protocolo Covid da Conselleria: acudir sempre que sexa posible á mesma sala, instalación, aula ou espazo .

**JUDO**

A actividade de Judo terá lugar no gimnasio os martes e os venres no seguinte horario:

16:00 a 16.50 : 1º -2º -3º de Educación Primaria

17:00 a 17:50: 4º-5º e 6º de Educación Primaria

Cada neno deberá de estar ubicado na sua colchonete debendo de respetar entre eles a distancia de seguridad de 1,5mts e os grupos estables de convivencia , sen que este permitido o contacto físico na práctica do mesmo

As portas e fiestras deberán de permanecer abertas para asegurar una debida ventilación.

As clases rematarán 10 minutos antes da hora en punto procedendo o responsable da actividade, nese tempo, á desinfección de todas e cada una das colchonetas e demais material empregado .

Os intercambios entre clases faranse de modo que se evite o cruce entre os menos, debendo de estar abaixo todos os nenos da hora anterior ,antes de que suban os da seguinte.

CVE: yJxl7UiWg7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# PLAN DE CONTINXENCIA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

**CURSO 2021-2022  ANPA SAN CRISTOBAL**
**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ**

Uso obrigatorio da máscara sempre, tanto por alumnos como polo monitor e desinfeccion de mans antes e despois de cada actividade.

Separación entre os diferentes cursos e niveles debendo manter, entre eles, a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros (1º de 2º, de 3º, de 4º, etc.)

Desinfección antes e desposis de todo o material de uso común.

A práctica da actividade farase sempre sen contacto entre os nenos.

**ENTRADAS E SAIDAS**

1º- Os nenos/as que acudan a comedor serán trasladados polos monitores de Jardanay ata o punto previsto no patio no que serán recollidos polo monitor correspondente para a actividade.

2º No caso de nenos/as que veñan da casa, a entrada farase pola porta grande do patio de manera escalonada de manera que os grupos seguintes non poderán acceder ata que os anteriores estean dentro. Entrando primeiro os nenos de Educación Infantil e logo de manera escalonada por cursos seguindo un orden de menor a maior.

2º As salidas faranse do mesmo xeito, debendo permanecer no sitio asignado á actividade ata que o monitor lles diga que poden sair.

As familias teñen totalmente prohibido ó acceso ó Centro debendo esperar os nenos/as na saída evitando aglomeracións.

**RESPONSABLES**

ANPA SAN CRISTOBAL: anpa.sancristobal@gmail.com

COORDINADORA SEROCIO: Cristina Campos Suárez. Tlf. 670387456

CVE: yJxl7UiWg7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**PLAN DE CONTINXENCIA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

**CURSO 2021-2022 ANPA SAN CRISTOBAL**
**CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ**

FEDERACION. Alberto Míguez. Tlf. 696688432

JUDO: JOSE RAMON LOPEZ GACIO TLF. 667536743

**ASINADO**

En representación da ANPA

**Asinado por:** RUIZ COTELO, PAULA
**Cargo:** PRESIDENTA
**Data e hora:** 17/09/2021 09:54:39

CVE: yJxl7UiWg7
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve